

MANIFIESTO 25N

Día Internacional contra a Violencia de Xénero

Para non olvidalas, para gritar #NiUnhaMáis

Son os nomes de cada unha das 44 MULLERES, NENAS E NENOS asasinadas dende o 25 de novembro do ano pasado ata o día de hoxe pola violencia machista e vicaria.

Mulleres, nenas e nenos con nomes, apelidos, historias, traballos, familias.

Cada persoa pode asumir un papel clave na defensa da memoria destas mulleres, que, en ningún caso, son un simple número.

Por elas, que xa non poden facelo, asumamos o noso papel na sociedade para acabar coa violencia que está matando as mulleres.

Está na nosa man condenar cada un dos machismos cotiáns que converten ás mulleres en suxeitos de violencia. Desenmascarar aos misóxinos desde o primeiro chiste machista; poñer en evidencia os violentos desde o primeiro desprezo público.

Reivindiquemos a igualdade en cada espazo para que outras mulleres teñan a oportunidade que todas estas... non tiveron.

Esixamos maior formación dos profesionais que atenden ás mulleres e aos seus fillos e fillas.

Neste Día Internacional contra a Violencia de Xénero, afirmemos con rotundidade que non cesaremos no esforzo nesta loita, que seguiremos traballando tanto para educar os mozos e as mozas nunha igualdade real e contra a violencia machista, como para protexer as mulleres e os seus fillos e fillas desde o primeiro indicio.

Neste #25N non imos deixar de gritar os nomes das que foron silenciadas e dicir ben alto:

NIN UNHA MÁIS